Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

[Doenza de cabalos e bestas] O piaño

O piaño facíase en Sampaio, concello de Samos (Lugo) ata, polo menos, mediados do século XX.

O piaño, procedemento para tirar o formigo dos pés de cabalos e bestas, consistía en levar o animal co pezuño enfermo a un prado. Mentres unha persoa terma del outra di, ao tempo que fai cortes en círculo no terreo que rodea a pata mala:

─Por que corto?

─Por piaña (di o que suxeita)

─*Piaña, piañón*

pasa desta pata

a este torrón.

Daquela córtase o cacho de terra coa herba que rodea a pata e ponse ao sol no teito da casa do propietario do animal ─no tellado ou no curuto dun caseto─.

Cando seca o terrón, o mal da pata cúrase; se non seca, é que non curou.